



PROGRAMA DE EXCELENCIA 2017



IES MUGARDOS

IES MUGARDOS

PROGRAMA DE EXCELENCIA 2017

“ESCALA NA ESCOLA”

No IES Mugardos queremos ofrecerlle ao alumnado de 2º e 3º de ESO con maior capacidade e motivación para aprender a posibilidade de formar parte do **“Club científico”** no que se realizarán actividades que perseguen os seguintes logros:

- *Acrecentar e consolidar o seu afán de curiosidade*
- *Darlle a coñecer e pór en práctica distintos métodos, técnicas e procedementos de traballo intelectuais.*
- *Estimulalo e apoiar o gusto por aprender.*
- *Contribuír a desenvolver as súas capacidades.*
- *Ampliar a súa formación con temas interesantes e motivadores que non formen parte do currículo escolar.*
- *Aumentar a súa implicación nas actividades do centro.*

O Alumnado que participe debe comprometerse a asistir ás actividades, a ter un bo comportamento, a respectar as Normas de Organización e Funcionamento do centro e a colaborar e facilitar o traballo e estudo do profesorado e dos compañeiros e compañeiras.

Os Pais e as Nais do alumnado teñen que por os medios necesarios para que os seus fillos/as asistan ás actividades. Son parte activa do proxecto e poden achegar propostas e suxestións. Contémplase a posibilidade dalgunha actividade conxunta para pais, nais e alumnado.

O Equipo de profesores e profesoras do centro está formado por:

Carmen Bernabeu (licenciada en Químicas), Marta González (licenciada en Belas Artes), M^a Olga Recio (licenciada en Filoloxía Francesa), Covadonga Rodríguez-Moldes (licenciada en Matemáticas e coordinadora do programa), José Luis Mayobre (licenciado en Matemáticas, Cristina Trillo (Licenciada en Bioloxía), Verónica Rouco (licenciada en Matemáticas), José Barcia (Ingeniero Técnico), Dina Asensio (Licenciada en INEF), Francisco Canoura (Licenciado en Xeografía e Historia).

IES MUGARDOS

PROGRAMA DE EXCELENCIA 2017

“ESCALA NA ESCOLA”

Club Científico para alumnado de 2º e 3º de ESO	
<i>Horario</i>	<i>Actividades</i>
<i>Tardes dos martes de 15:10 a 16:10</i>	<i>Obradoiros de Hologramas</i>
	<i>Prácticas no laboratorio de Bioloxía</i>
	<i>Obradoiros de astronomía</i>
	<i>Obradoiros de Anamorfose</i>
	<i>Prácticas no laboratorio de Química</i>
	<i>Obradoiros de impresión 3D</i>
	<i>Experiencia de “Aula invertida”</i>
	<i>Preparación para concursos matemáticos</i>
	<i>Proxecto “Lets play to classify surfaces!”</i>
<i>Visitas a Museos Científicos (Coruña, Ferrol, Santiago)</i>	
<i>Recreos dos venres</i>	<i>Club matemático con xogos e actividades</i>